



Santiago de Compostela, a 9 de marzo de 2010

**O COLEF Galicia desexa felicitar a todas as partes inmersas na negociación do convenio das instalacións deportivas** polo acordo acadado no día de onte no Consello Galego de Relacións Laborais, e grazas ao cal se restaurarán os servizos que prestan á cidadanía.

Sabedores de que os acordos adoptados melloran a situación dos traballadores do sector, queremos destacar que **seguen vixentes outros problemas de fondo** como o intrusismo ou a calidade da prestación dos servizos deportivos, polo que a continuación detallamos máis polo miúdo a nosa postura sobre estas e outras cuestións:

1. Os profesionais que prestan o servizo esencial nas instalacións son os Técnicos deportivos, polo que consideramos que **a solución á problemática do sector pasa pola urxente regulación profesional** dos mesmos, esixindo unha titulación oficial específica que se corresponda coas funcións a desenvolver en cada posto.
2. **O Colexio Profesional**, que en breve deberá integrar a todos os profesionais titulados do deporte (non só universitarios), **ten a obriga de garantir que os cidadáns reciban un servizo deportivo de calidade** en base a principios de seguridade e protección da saúde, que respecte os seus dereitos e intereses como consumidores e usuarios.
3. **As administracións públicas deberían asumir a supervisión técnica e social das instalacións deportivas** que manteñen en réxime de concesión, e exixir a cualificación mínima e a obrigada colexiación dos profesionais que nelas traballan, **en beneficio da calidade dos servizos que ofrecen aos seus administrados**.
4. **A lacra do intrusismo**, xeradora de graves riscos para a saúde e a seguridade dos usuarios ao permitir que persoas sen competencias dirixan a práctica deportiva, **só será atallada mediante a mencionada regulación profesional**.
5. **Mostramos o noso desacordo coa clasificación actual dos grupos ocupacionais**, así como dos requisitos de formación establecidos, recomendando a súa modificación na liña do exposto no punto anterior.
6. Entendemos que, se ben o posto de Director-Xerente pode rexerse polo principio de libre competencia, **as profesións de Director deportivo e de Monitor deportivo deben estar en mans de persoas coa correspondente formación académica oficial e cualificación profesional**.



Ilustre Colexio Oficial  
de Licenciadas/os en Educación Física  
e en Ciencias da Actividade Física  
e do Deporte de Galicia

7. A negociación do **Convenio colectivo de instalacións deportivas de Galicia debe adaptarse ás novas esixencias** emanadas das leis sobre o exercicio profesional e respectar os criterios dos textos normativos existentes:

- *Lei 1/2010, de 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG 23/02/2010).*
- *Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (BOE 23/12/2009).*
- *Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (BOE 24/11/2009).*
- *Informe sobre o sector de servizos profesionais e os colexios profesionais (Comisión Nacional da Competencia 09/2008).*
- *Lei de Cataluña 3/2008, de 23 de abril, do exercicio das profesións do deporte (DOGC 02/05/2008).*
- *Real Decreto Lexislativo 1/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias (BOE 30/11/2007).*
- *Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa da competencia (BOE 04/07/2007).*
- *Anteproxecto de Lei sobre ordenación do exercicio de determinadas profesións do deporte (Consejo Superior de Deportes 03/07/2007).*
- *Lei Orgánica 7/2006, de 21 de novembro, de protección da saúde e de loita contra a dopaxe no deporte (BOE 22/11/2006).*
- *Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional (BOE 20/06/2002).*
- *Sentencia do Tribunal Constitucional 194/1998 sobre la obriga de colexiarse e o deporte como fin público constitucionalmente relevante (BOE 30/10/1998).*

Por último, **reiterar unha vez máis o noso ofrecemento de asesoría e colaboración aos sindicatos e á patronal**, dentro do marco da negociación do Convenio colectivo de instalacións deportivas de Galicia.

**Vicente Gambau i Pinasa**  
Presidente do COLEF Galicia